

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Subvencións e axudas***CONVOCATORIA DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA EN RUTA COA DEPO 2023***BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “EN RUTA COA DEPO” 2023**

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, ten entre os seus fins promover a xestión de políticas públicas para a cohesión social, con especial énfase en persoas con discapacidade, persoas maiores e a mocidade.

Nesta liña, o programa “En ruta coa Depo” configúrase como unha acción encamiñada a fomentar a participación, a convivencia e a cohesión social dos distintos colectivos sociais da provincia de Pontevedra ao impulsar a igualdade de oportunidades para os colectivos con discapacidade, ofrecerlle alternativas de ocio e tempo de lecer á poboación xuvenil da nosa provincia e promover rutas destinadas ás entidades de nais e pais que fomenten a convivencia e o intercambio de experiencias nas que participen activamente nenas e nenos.

“En ruta coa Depo”, programa cun grande arraigo na provincia desde hai máis de dez anos, promove cada ano que preto de 20.000 persoas participen en rutas turísticas de lugares emblemáticos de Pontevedra; así, a través de asociacións sen ánimo de lucro da provincia, promociónase e dáse a coñecer o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural de proximidade.

Trátase, polo tanto, dun programa cun claro obxectivo social que inclúe rutas específicas adaptadas a persoas con mobilidade reducida, a familias e á mocidade. Así mesmo, resérvanse prazas gratuítas para persoas en situación de risco ou exclusión social.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega mediante intervencións que permitan acadar os obxectivos marcados nesta lei. Así mesmo, no artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

Segundo o artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.



Así mesmo, no artigo 109. d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Neste contexto, a Deputación de Pontevedra acorda convocar unha nova edición do programa “En ruta coa Depo 2023”, de acordo coas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria do programa “En ruta coa Depo 2023” dirixida ás entidades da provincia de Pontevedra que reúnan os requisitos previstos nesta convocatoria, a través da cal ofertaranse 33 rutas, para un máximo de 20.000 prazas, para dar a coñecer o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural de proximidade.

Segunda. Orzamento

A contía consignada para este programa é de catrocentos setenta e nove mil catrocentos cincuenta (479.450,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/231.2311.227.07 do Orzamento provincial, para un total de 20.000 prazas.

Terceiro. Réxime económico

O programa será cofinanciado pola Deputación do seguinte xeito:

- As persoas beneficiarias do programa aboarán a cantidade de 13,50 € por praza concedida, coa excepción das prazas de asignación gratuíta, que serán financiadas integramente pola Deputación
- O importe das prazas para participantes menores de 12 anos poderá ser inferior en función da oferta presentada pola adxudicataria do programa. Este prezo será obxecto de publicación na páxina web da Deputación unha vez resolto o expediente de contratación da empresa especializada encargada de executar o programa.
- Reservaranse un total de 300 prazas gratúitas para persoas que carezan de recursos económicos suficientes ou que se atopen en risco de exclusión, segundo o previsto na base sexta, e a Deputación asumirá a totalidade do seu custo.

Cuarta. Entidades beneficiarias

Poderán participar neste programa todas as entidades sen ánimo de lucro que teñan o seu domicilio fiscal, sede ou establecemento aberto na provincia de Pontevedra, pero non as entidades de iniciativa pública.



As entidades beneficiarias non deberán estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e deberán estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Así mesmo, non serán beneficiarias aquelas entidades incursas nalgún dos supostos previstos no artigo 13 da LXS.

Quinta. Contido e condicións do programa

5.1. O programa consiste en pasar un día coñecendo os lugares emblemáticos da provincia recollidos en cada unha das 33 rutas ofertadas. Estas inclúen o desprazamento de ida e de volta en autobús desde os puntos establecidos nos seus concellos, onde as persoas participantes estarán acompañadas por unha ou un guía de turismo; unha visita guiada cunha persoa habilitada como guía de turismo especializada de Galicia; e o xantar.

As rutas ofertadas estarán recollidas no catálogo que se publicará na web www.depo.gal.

O xantar estará composto por dous menús, que deberán escoller as persoas beneficiarias. Cada un constará, polo menos, de dous pratos, sobremesa, café ou infusión e bebidas (auga e viño branco ou tinto), a excepción do xantar tipo pícnic establecido para as rutas no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

5.2. Só se concederá unha ruta por entidade e NIF, e respectarase, de ser posible, a orde de preferencia entre as tres rutas indicadas na solicitude e as datas en que se desexe realizar a actividade.

5.3. O número máximo de participantes será de 54 persoas (a capacidade dun autobús).

Aos colectivos de persoas con mobilidade reducida que precisen de cadeiras de rodas ou doutras axudas técnicas asignaráselles, con carácter xeral, un autobús de 34 prazas, que permita a ancoraxe de cadeiras de rodas, sen prexuízo daquelas que poidan acomodarse no maleteiro, tendo en conta as limitacións de mobilidade das e dos usuarios. Os autobuses adaptaranse ás necesidades destas persoas, que deberán viaxar acompañadas polas súas coidadoras ou coidadores.

Debido ás súas características especiais, cada situación valorarase individualmente, sempre e cando se xustifique e o Servizo de Cohesión Social e Xuventude o estime oportuno.

5.4. As e os menores de tres anos deberán viaxar acompañados pola persoa que ostente a súa tutela ou representación legal ou por alguén que esta autorizase por escrito. Así mesmo, deberán empregar un sistema de retención que estea debidamente homologado e que se suxeite de forma correcta ao asento do autobús, o cal terán que proporcionar as persoas responsables da ou do menor.



Sexta. Solicitudes e documentación

6.1. As solicitudes e a documentación requirida presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) polas entidades interesadas ou por medio dunha persoa representante legalmente autorizada. A representación pode acreditarse mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia, segundo o previsto no artigo 32 do Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

6.2. As entidades deberán achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

a) Acreditación da persoa representante da asociación, só de non empregar certificado cualificado de representante. Neste caso deberán achegarse, xunto coa solicitude, os estatutos da entidade ou unha copia íntegra da acta de constitución ou renovación da xunta directiva na que conste a relación dos seus membros.

b) Relación das persoas solicitantes de prazas gratuítas (anexo III), de ser o caso. Nela deberá indicarse o número de persoas que, por carecer de recursos económicos suficientes ou atoparse en risco de exclusión social, non poidan facerse cargo da achega de 13,50 € que corresponde por praza (ou unha cantidade inferior, no caso de menores de 12 anos se a empresa adxudicataria ofertase un prezo máis baixo).

6.3. No suposto previsto no apartado b) do parágrafo anterior, a xustificación de que estas persoas se atopan en situación ou risco de exclusión social ou contan con escasos recursos económicos farase mediante un informe social, elaborado por unha traballadora ou traballador social dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais (anexo IV), ou da propia entidade solicitante (anexo V), no que se indique a idoneidade do programa para a persoa solicitante.

Este informe presentarase, dirixido ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, conforme á base sexta, no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación de adxudicación das rutas e prazas gratuítas que lle corresponden a cada entidade.

6.4. A documentación complementaria presentarase obrigatoriamente por vía electrónica de acordo coa base sexta. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Non será necesario achegar os documentos xa presentados anteriormente. A estes efectos, a entidade interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.



Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á entidade interesada que o presente ou, no seu defecto, que acredite por outros medios os requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Sétima. Prazo de presentación de solicitudes

Do 14 de febreiro ao 14 de marzo de 2023

O prazo de presentación de solicitudes é de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao quinto día hábil da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Oitava. Comprobación de datos

Para tramitar este procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF da entidade solicitante
- NIF da persoa representante da entidade solicitante
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Novena. Criterios de valoración

Priorizaranse as solicitudes das entidades solicitantes segundo a seguinte orde de prelación:

- 1) Entidades inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) na categoría de iniciativa social nas áreas de discapacidade, familia, infancia e menores
- 2) Entidades inscritas no RUEPSS na categoría de iniciativa social nas áreas restantes
- 3) Outras entidades sen ánimo de lucro

A prelación dentro de cada grupo de entidades será por orde de rexistro de entrada das solicitudes.

No caso de que existan máis solicitudes que prazas dentro de cada unha das devanditas tipoloxías de entidades solicitantes, terase en conta a orde de presentación da solicitude de cada entidade. De non cubrirse a totalidade das prazas gratuítas reservadas para as persoas en situación de vulnerabilidade, o crédito retido para estas incorporárase á concesión de prazas ordinarias.



Unha vez cubertas as 20.000 prazas ofertadas, o resto das solicitudes quedarán en lista de agarda.

Décima. Instrución e resolución do procedemento

10.1. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Cohesión Social e Xuventude, que actuará como instrutor do procedemento, realizará a correspondente revisión da documentación administrativa, o cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases e cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe pronunciar a resolución.

Instruído o procedemento, o órgano instrutor ditará a proposta de resolución, a cal se elevará á Xunta de Goberno para súa aprobación.

A resolución da convocatoria poralle fin á vía administrativa e contra ela poderanse interpoñer os recursos administrativos ou xudiciais preceptivos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren oportuno.

Décimo primeira. Desenvolvemento do programa

11.1. Unha empresa especializada na materia será a responsable de executar, coordinar e avaliar o programa, así como de contratar o persoal especializado, incluídos as e os guías de turismo oficiais.

11.2. A empresa adxudicataria poñerase en contacto coa persoa representante de cada entidade ou, no seu defecto, con aquela na que se delegue esta función, co fin de definir e coordinar:

- a ruta elixida
- a data para a súa realización
- o horario de saída
- as paradas do autobús, que serán, como máximo, dúas e que deberán situarse en espazos amplos onde os autobuses poidan entrar e manobrar facilmente para recoller e deixar as persoas participantes con total seguridade
- número final de participantes, xa que non se realizará a saída se non se acada un mínimo de 50 participantes por entidade, salvo autorización expresa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude

Intentaranse respectar na medida do posible a data e a ruta escollidas e preferidas polas entidades participantes.

11.3. A empresa adxudicataria comprobará con antelación que a ruta en autobús sexa óptima para a súa circulación e esixirá, antes e durante o desenvolvemento da saída, que os establecementos e demais lugares visitados cumpran a normativa vixente de aplicación propia da natureza da actividade.



11.4. De igual xeito, a adxudicataria informará as persoas participantes das coberturas do seguro do programa, do cal se encargará a ou o guía acompañante no momento en que estas suban ao autobús, quen tamén resolverá todas as dúbidas que se lle formulen, sen prexuízo das súas funcións propias como tal.

11.5 Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do programa deberá comunicárselle inmediatamente ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude desta institución provincial a través do correo electrónico cohesionsocialexuventude@depo.gal.

Décimo segunda. Obrigas das entidades beneficiarias e das persoas usuarias

12.1. Proporcionarlle á empresa encargada de executar o programa a lista definitiva de persoas participantes con indicación de todos os datos relevantes (como mínimo nome e apelidos, NIF, idade, gratuidade ou non da praza e restricións alimentarias se as houbese), no prazo que estableza a empresa adxudicataria, que será obxecto de publicación na páxina web www.depo.gal.

12.2. As entidades solicitantes aboarán o prezo por persoa segundo o acordado coa empresa adxudicataria, preferiblemente mediante transferencia bancaria, que se realizará cinco (5) días antes de iniciarse o programa, aínda que se permitirá calquera medio de pagamento admitido en dereito acordado entre ambas as partes sempre que quede constancia do pago efectivo, do número de persoas participantes (menores e adultas) e do nome da entidade.

A cantidade aboada á empresa adxudicataria só se reintegrará cando exista un motivo debidamente xustificado que lle impida asistir á persoa participante, coma razóns de carácter médico-sanitario; isto valorarase de xeito individualizado, conxuntamente co Servizo de Cohesión Social e Xuventude, previa solicitude da entidade beneficiaria cunha ruta adxudicada.

12.3. A entidade deberá designar unha persoa encargada das comunicacións coa empresa adxudicataria. O día da saída esta persoa representante, ou aquela en quen delegue, deberá asinar un certificado de participación no que consten o nome da entidade, o número de participantes polo que se fixo o ingreso ou o pagamento por outros medios, o número de participantes finais que acudiron á saída e a data.

12.4. No caso de que a entidade asigne prazas gratuítas, deberá achegar a documentación esixida nas condicións establecidas na base cuarta.

As prazas de asignación gratuíta non poderán outorgárselles a outras persoas nas que non concorran as circunstancias que xustifiquen a súa gratuidade. A Deputación autorizará calquera cambio para poder optar a estas prazas, para o que se entregará a documentación necesaria; do contrario, pagarase o importe correspondente.

12.5. As persoas que viaxen con menores de tres anos deberán levar os sistemas de retención homologados necesarios.

12.6. Queda prohibido que as entidades beneficiarias do programa lles cobren ás persoas usuarias un prezo máis elevado do establecido na base terceira. No suposto de que algunha



entidade vulnerase a devandita prohibición, non poderá participar na seguinte convocatoria do programa.

12.7. Se a entidade decidise renunciar ao programa ou non tivese a cantidade mínima de participantes esixida, deberá presentar a súa renuncia e comunicarllo por escrito ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, de conformidade co disposto na base décimo cuarta.

Décimo terceira. Notificacións

As notificacións de resolucións e doutros actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os dous sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

Entenderanse practicadas nos termos establecidos nos artigos 41 e 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), e coas especificacións previstas nos artigos 41 a 45 do Real decreto 203/2021 de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

Décimo cuarta. Publicacións de actos

De conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no BOPPO e na páxina web da Deputación de Pontevedra a relación provisional de entidades admitidas e excluídas, xunto coas causas da súa exclusión.

Publicada a lista provisional, concederase un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros da solicitude e achegar a documentación requirida que falte. Transcorrido este prazo, publicarase a lista definitiva de entidades admitidas e excluídas no BOPPO e na páxina web da Deputación de Pontevedra.

Décimo quinta. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos xenéricos que poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a



normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos.

Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate.

No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite.

Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo sexta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo sétima. Publicidade

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Décimo oitava. Prazo de vixencia

O programa terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.



Luns, 6 de febreiro de 2023

Núm. 25

Décimo novena. Lexislación aplicable

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos
- Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación
- Lei 50/2002, de 26 de decembro, de fundacións
- Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia
- Bases de execución do Orzamento provincial
- Orzamento provincial

